1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JOSE ANTONIO CARREIRA GARCIA**, con domicilio a efectos de notificación na rúa As Cobas, nº 12, na parroquia de Sisán, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de "**Construción de 7 ml de muro de peche de pedra**", na finca sita no lugar do seu domicilio e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 044/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. FRANCISCO LUIS JUNCAL SANMARTIN E DNA. ROSA MARIA BARROS RODRIGUEZ**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Barroso, nº 17, na parroquia de Sisán, no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Construción de galpón agrícola**", na parcela 808 da ZCP de Sisán, sita no lugar de Postillos, s/n, na parroquia de Sisán, Ref. Catastr. 36046G503008080000GA.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte "*Que a parcela na que se pretende levar a cabo a construción está calificada como **SOLO RÚSTICO COMÚN (SRC)**, polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]*

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

E segundo o artigo 33. Solo rústico de protección ordinaria.

1. O planeamento clasificará como solo rústico de protección ordinaria os seguintes terreos:

a) Os que non resulten susceptibles de transformación urbanística pola perigosidade para a seguridade das persoas e os bens, motivada pola existencia de riscos de calquera índole.

b) Aqueles que o planeamento considere innecesarios ou inapropiados para a súa transformación urbanística.

2. O plan xeral de ordenación municipal poderá excluír desta clase de solo, xustificadamente, aqueles ámbitos que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional.

O sólo rústico común se corresponde co SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA.

[.../...]

Se aporta a seguinte documentación:

- *Proxecto de galpón para usos agrícolas visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra e asino pola enxeñeiro Técnico agrícola Dña. Tania López Araujo, colexiada 1.814 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas A Coruña-Pontevedra, no que se inclúe:*
 - *Memoria descriptiva*
 - *Anexos*
 - *Xutificación urbanística*
 - *Geotécnico*
 - *Cálculos construtivos*
 - *Saneamento*
 - *Protección contra incendios*
 - *Protección fronte o ruído*
 - *Seguridade de utilización e accesibilidade*
 - *Xestión de residuos*
 - *Control de calidade*
 - *Estudio básico de seguridade e saúde.*
 - *Planos*
 - *Pliego*

- *Presuposto*
- *Documentación adxunta:*
 - *Título de propiedade*
 - *Descrición gráfica catastral*
 - *Ficha do rexistro vitícola*
- *Xustificante de abono das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do PEM.*
- *Oficio co nomeamento do director de obra e o coordinador de seguridade e saúde.*

TRABALLO A EXECUTAR

Se pretende a construción dun galpón para usos agrícolas, con soleira de formigón, estrutura muros de formigón armado, peche de muros de bloques revestidos e pintados de branco e cuberta de planchas de fibrocementos rematadas con tella cerámica e ancladas a correas prefabricadas de formigón armado.

CUMPRIMENTO DA NORMATIVA

O uso do galpón queda vinculado os usos agrícolas procedentes da plantación de viñado, caste "alabariño", nunha zona xa consolidada deste cultivo.

Segundo establece o artigo 35.a) Usos e actividades e solo rústico.

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.

[.../...]

Neste artigo se inclúen as obras de construción de galpón.

Artigo 36. Réxime de usos

1. Os usos e actividades relacionados no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

2. En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte.

O solicitante do galpón, e titular da finca e aporta xustificante dos dereitos de cultivos de viñado na finca.

Subsección 4ª. Condicións de edificación

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

A parcela dispón de acceso rodado, non se proxectan instalacións de fontanería, senamento nin electricidade.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

O deseño, materiais e cores proxectados son característicos do entorno

– O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

O volumen edificado e simila o das edificacións tradicionais do entorno.

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

Non se proxecta o peche da finca.

– A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

A altura máxima proxectada e de 4,00 m.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

– Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

A ubicación do galpón se dispón no centro e lonxitudinalmente coa finca e aproveitando unha antiga excavación, polo que o aproveitamento da finca e máximo.

– A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

A superficie da parcela e de 2.236 m².

– A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

A ocupación e do 2,00 %.

– Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

Se garante o impacto visual e non se altera a topografía da finca.

– Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

O retranqueo mínimo e maior de 5 m

– As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Non se proxectan bancales

– Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

O resto da finca se mantén no seu estado natural.

e) Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

[.../...]

O proxecto xustifica o cumprimento do CTE, SE-AE, SE-C, EHE, SI, SU, HS, e a protección fronte o ruído.

Aporta xustificante de abono das taxas do ICIO, correspondentes o 2 % do PEM do proxecto.

Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada debendo cumprir o establecido no informe.

Se condiciona a presente licenza a que aporte a seguinte documentación:

Se condiciona a licenza a que unha vez rematadas as obras e previo o seu uso, se faga constar no rexistro de propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas por esta licenza (título habilitante de natureza urbanística).

CADUCIDADE DA LICENZA

Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM a licenza **caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. FRANCISCO LUIS JUNCAL SANMARTIN E DNA. ROSA MARIA BARROS RODRIGUEZ**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Barroso, nº 17, na parroquia de Sisán, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de "**Construción de galpón agrícola**", na parcela 808 da ZCP de Sisán, sita no lugar de Postillos, s/n e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 045/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. CARMEN NOYA FALCON**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Cabanelas, na rúa do Cruceiro, nº 11, no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Retello de 88 m2 de cuberta de vivenda e reparación dunha escaleira exterior de acceso a terraza**", sita no lugar do seu domicilio, Ref. Catastr. 36046D507011260000PK e 36046D507011260001AL.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte "*Que a parcela onde se pretenden levar a cabo as obras, están clasificada como **SOLO DE NÚCLEO RURAL** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativa.*

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo II do Título VIII de dito PXOM, artigos 185 ó 192, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30

de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]

c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en suas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. [.../....]

O sólo de núcleo rural ven regulado na lei, na Sección 2.- Núcleos Rurais, Subsección 1.- Delimitación e Réxime, artigos 23 e 24; e na subsección 2.- Condicións de uso, artigos 25 e 26.

Segúndo se establece no apartado 3.- A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

Os núcleos no concello de Ribadumia, non dispoñen de estudo no que se identifique cales son os que atópanse na situación de consolidado ou non consolidado, polo que entendese que deberase adoptar a situación máis desfavorable. Terase, por tanto, en conta o establecido na lei do solo de Galicia, e aplicaráselle íntegramente o disposto na presente lei para o SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento”, regulado nos artigos 24 ó 30.

EDIFICACIÓN EXISTENTE

Non aporta licenza de construción da edificación, non obstante no catastro consta que foi construída no ano 1.943. Nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca, expediente de infracción urbanística.

OBRAS DE CAMBIO DE MATERIAL DE CUBRICIÓN E REPARACIÓN DE ESCALEIRA

Que as obras solicitadas son a substitución do material de cubrición de cuberta da vivenda por tella cerámica e a reparación dunhas escaleiras exteriores de acceso a terraza.

Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica."

A tella cerámica e un material tradicional da zona.

Nos traballos de reparación as escaleiras manteran os materiais tradicionais da zona.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

*Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, **non podendo aumentar volume ou superficie edificada, facer modificacións na pendente da cuberta ou cambios na estrutura.***

Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada.*

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a licenza caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **DNA. CARMEN NOYA FALCON**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Cabanelas, na rúa do Cruceiro, nº 11, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Retello de 88 m2 de cuberta de vivenda e reparación dunha escaleira exterior de acceso a terraza”**, sita no lugar do seu domicilio e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 046/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JUAN BAUTISTA CORES PINTOS**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Sisenla, nº 5, na parroquia de Sisán, no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Construción de 11 ml de muro de peche no lindeiro testeiro da finca e de 19 ml na fronte da finca”**, sita na parcela catastral 1076, do polígono 505, na parroquia de Sisán (lugar de Barroso), Ref. Catastr. 36046G505010760000GM.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *“Que a parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Que as parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordeación Municipal, publicado no BOP de 11 de abril de 2001 como **“SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SR-7)”**, cuya ordenanza de aplicación ven recollida nas seccións primeira a quinta do capítulo I do título IX, artigos 193 ó 214, e sección segunda do capítulo II do mesmo título, artigos 255 ó 258.*

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbana e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

Debendo cumprir o mais desfavorable entre o sinalado no Plan Xeral de Ordeación Municipal e a Lei 2/2016, do solo de Galicia. (Adxúntase plano de situación).

*Segúndo establece o apartado 2 do artigo 31. Concepto e categorías, o rexímen aplicable o sólo rústico común, na nova lei 2/2016 do solo de Galicia, e a de **SÓLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA**.*

MURO DE PECHÉ

Se pretende a construción de 11 ml dun muro de peche de postes e arame, no testeiro e 19 ml na fronte da finca.

Tendo en conta o establecido na Lei 2/2016 do solo de Galicia, que nos apartados a) e b) da Subsección 2ª. Condicións de uso, artigo 35. Usos e actividades en solo rústico, establece entre outras o seguinte:

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes: [.../....]

b) Muros de contención, así como valado de predios.

E o que se establece na Subsección 4ª. Condicións de edificación, Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico. [.../....]

c) Cumplir as seguintes condicións de edificación:

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno, sen perxuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

[.../....]

- Os peche de fábrica non poderán exceder de 1,50 m de altura, debendo adaptarse o medio no que se ubiquen. [.../....]

Os muros de peche poderán ser de pedra, bloques revestidos e pintados con cores tradicionais ou de postes e arame, ata 1,50 m de altura.

d) Cumplir as seguintes condicións de posición e implantación:

- As condicións de abancaleamento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o

mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

– Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

Os muros de peche non conlevan abancalamiento nin alteración do estado natural dos terreos.

Non se especifica os materiais cos que se pretende construír o muro, non obstante a a altura non poderá sobrepasar o 1,50 m. establecido no artigo 214 do PXOM e no 39 da Lei do solo de Galicia.

1.- No solo rústico, os peches provisionais das fincas deberán facerse mediante valados de arame, con altura máxima de 1,50m, sen elementos punzantes a vía pública, que non necesiten obras de cimentación, suxeitos con soportes ou postes de sección máxima de 10 x 10cm separados a unha distancia mínima entre eles de tres (3) metros. Estes peches poderanse situar nos límites da finca, a unha distancia mínima de 0,50m do borde do camiño existente que, no seu caso, delimitará o Concello, considerándose unha instalación provisional ata que non se garden os retranqueos obrigados para os peches definitivos.

Para o caso de peche con postes e arame

2.- Os pechamentos definitivos das fincas que se realicen nesta clase de solo resolveranse con obra de fábrica en solucións tradicionais da zona, dun metro vinte centímetros (1,20m) de altura máxima, completados, no seu caso, con pantallas vexetais ou proteccións diáfanas (tea metálica ou celosías) ata unha altura máxima de 2,50m. Se a finca estivera edificada, permítese acadar unha altura de dous (2) metros coa obra de fábrica en lindeiros laterais ou testeiros, e 2,50 metros no lindeiro frontal, con obra de cantería ou mampostería tradicionais da zona.

Estes pechamentos situaranse a unha distancia mínima de cinco (5) metros do eixo do camiño, en pistas principais de parcelaria e de 4 no resto, cun mínimo de 2,50m ó borde exterior da capa de rodadura da vía

O muro deberá executarse a 5 m do eixo do camiño.

3.- En ningún caso, os pechamentos poderán interromper o curso natural das augas nin favorece-la erosión ou arrastre de terras.

O muro non impedira a libre circulación das augas

4.- Os pechamentos realizados con vexetación ornamental terán que realizarse de acordo co establecido no artigo 61 da LSG, desprazándose polo menos unha distancia de 6m ó eixo da vía pública a que dean fronte si é pista principal de parcelaria e de 4 no resto.

5.- *En todo caso, nos pechamentos provisionais e definitivos estarase ó disposto na lexislación de estradas.*

Os peches non se atopa en zonas de afección de ninguna estrada provincial, autonómica ou estatal.

Consta no expediente o abono da taxa do ICIO, por importe do 2% do valor estimado das obras.

*Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada debendo cumprir o establecido no informe.*

Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses da súa concesión e se non rematan antes de 2 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JUAN BAUTISTA CORES PINTOS**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Sisenla, nº 5, na parroquia de Sisán, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Construción de 11 ml de muro de peche no lindeiro testeiro da finca e de 19 ml na fronte da finca”**, sita na parcela catastral 1076, do polígono 505, na parroquia de Sisán (lugar de Barroso) e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 047/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. NIEVES DOMINGUEZ PIÑEIRO**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Mosqueiro, nº 27A, na parroquia de Sisán, no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Instalación de unha visera de protección da choiva na saída posterior da vivenda”**, sita no lugar do seu domicilio, Ref. Catastr. 36046G502105170000GR e 36046G502105170001HT.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte 'Que a parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Que as parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordeación Municipal, publicado no BOP de 11 de abril de 2001 como **“SOLO RÚSTICO COMÚN (SR-C)”**, cuya ordenanza de aplicación ven recollida nas seccións primeira a quinta do capítulo I do título IX, artigos 260 ó 263, e sección segunda do capítulo II do mesmo título, artigos 255 ó 258.

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición “transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento” que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor

da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [..../....]

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

Debendo cumprir o mais desfavorable entre o sinalado no Plan Xeral de Ordeación Municipal e a Lei 2/2016, do solo de Galicia. (Adxúntase plano de situación).

Segundo establece o apartado 2 do artigo 31. Concepto e categorías, o rexímen aplicable o sólo rústico común, na nova lei 2/2016 do solo de Galicia, e a de **SÓLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA**.

Na finca existe unha edificación residencial que segundo o catastro e do ano 2.000, non tendo a consideración de edificación tradicional segundo o establecido no artigo 40 da lei 2/2016 do solo de Galicia.

A edificación ten licencia do ano 1.999, anterior a lei 9/2.002 do solo de Galicia e protección do medio rural, trataríase por tanto dun uso residencial preexistente.

VISERA PROTECCIÓN DA CHOIVA

Se pretende a construción duna visera en aluminio e cristal, para protexer da choiva a saída posterior da vivenda, nunha lonxitude de 6 m e un fondo de 1,5 m.

Se trata dunha instalación facilmente desmontable e que non reviste condicións de edificación propiamente dicha, polo que non se considerará ampliación da edificación existente.

A edificación estaría en fora de orcenación, podendo levar a cabo obras de mantemento e conservación e mantemento do uso preexistente, segundo establecen os apartados c) e d) do artigo 135. Deberes de uso, conservación e rehabilitación, da lei 2/2.016 do solo de Galicia.

Segundo establece na Subsección 4ª. Condicións de edificación e no Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico [..../....]

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica. [..../....]

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen. [..../....]

Os materiais propostos harmonizan co entorno e a altura da visera de protección no superara o 3,00 m de altura.

Consta no expediente o abono da taxa do ICIO, por importe do 2% do valor estimado das obras.

Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada debendo cumprir o establecido no informe.

Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses da súa concesión e se non rematan antes de 2 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **DNA. NIEVES DOMINGUEZ PIÑEIRO**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Mosqueiro, nº 27A, na parroquia de Sisán, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Instalación de unha visera de protección da choiva na saída posterior da vivenda”**, sita no lugar do seu domicilio e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 048/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JOSE MANUEL ALFONSO DOMINGUEZ**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Piñeirón, nº 34, na parroquia de Leiro, no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Revestimento de fachada lateral con panel para protexer de humedades por filtracións de augas da choiva”**, sita no lugar do seu domicilio, Ref. Catastr. 1089210NH2018N0001LK.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *“Que a parcela onde se pretenden levar a cabo as obras, están clasificada como **SOLO DE NÚCLEO RURAL** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativa.*

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo II do Título VIII de dito PXOM, artigos 185 ó 192, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición “transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento” que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]

c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en suas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. [.../.....]

O sólo de núcleo rural ven regulado na lei, na Sección 2.- Núcleos Rurais, Subsección 1.- Delimitación e Réxime, artigos 23 e 24; e na subsección 2.- Condicións de uso, artigos 25 e 26.

Segúndo se establece no apartado 3.- A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

Os núcleos no concello de Ribadumia, non dispoñen de estudo no que se identifique cales son os que atópanse na situación de consolidado ou non consolidado, polo que entendese que deberase adoptar a situación máis desfavorable. Terase, por tanto, en conta o establecido na lei do solo de Galicia, e aplicaráselle íntegramente o disposto na presente lei para o SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento”, regulado nos artigos 24 ó 30.

EDIFICACIÓN EXISTENTE

Non aporta licenza de construción da edificación, non obstante no catastro consta que foi construída no ano 1.987. Nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca, expediente de infracción urbanística.

OBRAS EN FACHADA CONSISTENTES NO REVESTIMENTO DE FACHADA LATERAL

Que as obras solicitadas consisten na revestemento con paneis para protexela das filtracións de auga de choiva.

Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica."

As cores do panel serán os tradicionais da zona

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, **non podendo aumentar volume ou superficie edificada ou cambios na estrutura.**

Aporta autorización emitida pola Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, da Xunta de Galicia (Expediente **IF205G 2017/000039-4**), por atoparse dentro da zona de afección da estrada PO-300 competencia deste organismo. Debendo cumprir o que nela se establece.

Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada.

Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a licenza caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. *Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

3. *No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.*

4. *A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JOSE MANUEL ALFONSO DOMINGUEZ**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Piñeirón, nº 34, na parroquia de Leiro, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **"Revestimento de fachada lateral con panel para protexer de humedades por filtracións de augas da choiva"**, sita no lugar do seu domicilio e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 049/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Travesía de Vigo, nº 204, no Concello de Vigo, polo que solicita autorización para a realización de obras de **"Instalación RBTS RUA LEIROMEAN, S/N – Leiro (Ribadumia) (expediente: SDG: 248316100138)"**, para a demanda de subministro eléctrico de 9,20 KW e acometida dunha vivenda sita en Leiromeán, s/n, Ref. Catastr. 0984514NH2008S0001EX.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *"Que se presenta proxecto para a execución dun tendido de novo conductor nuna lonxitude de 30 m, dende a rede existente mediante a realización dun paso aéreo subterráneo a realizar en apoio proxectado do tipo H-250/9 e finalizado no límite da propiedade mediante a execución dunha acometida o solicitante en conductor XZ1 0,6/1 KV 2x(1*50) Alm, y con in na C.P.M. do solicitante a instalar no límite da propiedade privada con acceso libre e directo dende a vía pública.*

Aportan a seguinte documentación:

❖ *Proxecto está asinado polo Enxeñeiro Industrial D. Miguel Angel Bernal López (colexiado 2901 do ICOIIG) de fecha 14/02/2.017.*

❖ *Oficio co nomeamento do director de obra e do coordinador de seguridade o Enxeñeiro Industrial D. Miguel Angel Bernal López (colexiado 2901 do ICOIIG) de fecha 14/02/2.017.*

❖ *Aporta fianza por importe dos traballos de asfaltado, que segundo o proxecto aportado que ascenden a 281,37 €, para garantir a súa reposición.*

O presuposto de execución das obras ascende a DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (295,78 €).

Previo o inicio das obras deberá:

*Que dende o punto de vista urbanístico **NON EXISTE NINGÚN INCONVENIENTE** para o solicitado.*

Consideracións xerais:

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a licenza caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas

- 1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.*

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

- 2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*
- 3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.*
- 4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Travesía de Vigo, nº 204, no Concello de Vigo, para levar a cabo as obras de "**Instalación RBTS RUA LEIROMEAN, S/N – Leiro (Ribadumia) (expediente: SDG: 248316100138)**", para a demanda de subministro eléctrico de 9,20 KW e acometida dunha vivenda sita en Leiromeán, s/n e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 050/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de Dna. Maria Luisa Calvete Galiñanes, en representación de **D. CAMILO PRADO MARTINEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Caponiñas, nº 5, na parroquia de Barrantes, no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **"Construción de 16,15 ml de peche lateral esquerdo de finca e no testeiro, con bloques de formigón revestido e pintado, hasta unha altura de 2 m."**, sita no lugar do seu domicilio, Ref. Catastr. 8446482NH1084N0001XS.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *"Que a parcela onde se pretenden levar a cabo as obras, están clasificada como **SOLO DE NÚCLEO RURAL** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativa.*

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo II do Título VIII de dito PXOM, artigos 185 ó 192, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]

c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en suas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. [.../....]

O sólo de núcleo rural ven regulado na lei, na Sección 2.- Núcleos Rurais, Subsección 1.- Delimitación e Réxime, artigos 23 e 24; e na subsección 2.- Condicións de uso, artigos 25 e 26.

Segúndo se establece no apartado 3.- A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento establece virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área

xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

Os núcleos no concello de Ribadumia, non dispoñen de estudo no que se identifique cales son os que atópanse na situación de consolidado ou non consolidado, polo que entendese que deberase adoptar a situación máis desfavorable. Terase, por tanto, en conta o establecido na lei do solo de Galicia, e aplicaráselle integramente o disposto na presente lei para o SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento”, regulado nos artigos 24 ó 30.

EDIFICACIÓN EXISTENTE

Nas parcelas consta a existencia dunhas edificación construídas no ano 1.963 e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca, expediente de infracción urbanística.

PECHE CON MURO DE FORMIGÓN PINTADO

Segundo establece o PXOM no Artigo 477.- Pechamentos. "1.- Os solares ou calquera outro terreo que indique o Concello mediante resolución motivada deberán cercarse con pechamento permanente de altura mínima de 1,80m e máxima de 3,00m, sitos na alíñación da edificación e fabricado con materiais que garantan a súa estabilidade e conservación, podendo establecerse, por parte do Concello, condicións particulares en cada caso. Non se permite a utilización da fábrica de vidro sen tratamento. 2.- As parcelas con edificación entre medianerías e retranqueada poderán pecharse con valos de altura máxima de 2,50m. 3.- Nas parcelas con edificación aillada, o peche dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso con proteccións diáfanas acordes estéticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50m, ou con pechamentos de estética conforme co lugar, en mampostería ordinaria que non superen unha altura de 2 m. Os lindeiros laterais e testeiros entre distintas parcelas con edificación illada poderán pecharse con proteccións diáfanas e pantallas vexetais ata unha altura máxima de 2m. 4.- Exceptúanse aqueles edificios aillados que, en razón do seu destino, requiran especiais medidas de seguridade, en tal caso o pechamento axustarase ás súas necesidades. 5.- Non se permitirá en ningún caso o remate de pechamento con elementos que poidan

causar lesións a persoas ou animais. 6.- Non se permite a utilización de fábricas vistas de ladrillo, debendo tratarse con revocaduras ou tratamentos similares."

En canto a altura do muro de peche, se estará o mais restrictivo que e a altura máxima que o que En canto a altura máxima do muro de peche, para unha parcela sen edificar, ésta non podrá sobrepasar os 2,50 m especificados como máximo nas Normas complementarias e Subsidiarias de planeamento provincial no artigo 17. d)., por ser a mais restrictiva.

O muro de estética conforme o lugar e a altura do muro non superará os 2,00 m.

E de aplicación o establecido no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición:

Non he de aplicación por tratarse de muros laterais e testeiros que non lindan co camiño

Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica."

O material e de formigón pintado , que deberá ter cores acordes cos do entorno para harmonizar coa paisaxe.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Os muros de peche se consideran obras menores

Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada.*

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a licenza caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **D. CAMILO PRADO MARTINEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Caponiñas, nº 5, na parroquia de Barrantes, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Construción de 16,15 ml de peche lateral esquerdo de finca e no testeiro, con bloques de formigón revestido e pintado, hasta unha altura de 2 m.”**, sita no lugar do seu domicilio e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 051/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JUAN JOSE PORTELA LORES**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Forxán, nº 54, no Concello de Sanxenxo, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Vivenda unifamiliar illada de sóto, planta baixa e baixo cuberta con piscina e peche de finca”**, sita no lugar de Gándara, s/n, parroquia de Ribadumia, Ref. Catastr. 36046D504305560000PW.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *“Que se presenta para tramitala licencia a seguinte documentación:*

- *Solicitud de licenza de obras.*
- *Proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar illada de sóto, planta baixa e planta baixo cuberta, con piscina e peche de finca, asinado polo arquitecto D. Guillermo Fontoira Marzin, asinado en xaneiro de 2.017 e visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia o 02/03/17, que inclúe entre outros, memoria explicativa e xustificativa descritiva, urbanística, xustificación do cumprimento do decreto*

29/2010 de habitabilidade e xustificación do cumprimento do CTE, planos, pliego e pre-suposto.

- *Copia do NIF do propietario.*
- *Impreso de estatística de construción de edificios asinado polo arquitecto autor do proxecto*
- *Nomeamento da arquitecto técnico Dña. Maria de las Mercedes Piñeiro Cores, como directora de execución da obra.*
- *Nomeamento da arquitecto técnico Dña. Maria de las Mercedes Piñeiro Cores como coordinador da seguridade e saúde da obra.*
- *Oficio de designación do director das obras o arquitecto autor do proxecto.*
- *Documento coa cesión 49,11 m2 dos terrenos correspondente a aliñación de 5 m do eixo do camiño e o compromiso de urbanización dos mesmos, e que se corresponde co plano de emprazamento incluído no proxecto aportado.*
- *Xustificante de abono das taxas do ICIO por importe de 3.310 € que se corresponden co 2% do PEM (165.499,99 €).*

*Que a parcela na que se pretende levar a cabo a construción está calificada como **SOLO DE NÚCLEO RURAL** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001.*

Que a ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo II do Título VIII de dito PXOM, artigos 185 ó 192, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]

c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en suas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. [.../....]

O sólo de núcleo rural ven regulado na lei, na Sección 2.- Núcleos Rurais, Subsección 1.- Delimitación e Réxime, artigos 23 e 24; e na subsección 2.- Condicións de uso, artigos 25 e 26.

Segúndo se establece no apartado 3.- A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral establece para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

Os núcleos no concello de Ribadumia, non dispoñen de estudo no que se identifique cales son os que atópanse na situación de consolidado ou non consolidado, polo que entendese que deberase adoptar a situación máis desfavorable. Terase, por tanto, en conta o establecido na lei do solo de Galicia, e aplicaráselle integramente o disposto na presente lei para o SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento”, regulado nos artigos 24 ó 30.

O proxecto enumera o cumprimento do establecido na lexislación vixente nas seguintes materias, que deberá xustificar no proxecto de execución:

- *As prestacións do edificio polos requisitos básicos e en relación coas esixencias básicas do CTE, no que respecta a:*
 - *Seguridade estrutural, en caso de incendio e de utilización e accesibilidade.*
 - *Habitabilidade, hixiene, saúde e protección do medio ambiente, protección fronte o ruído, aforro de enerxía e illamento térmico.*
 - *Funcionalidade na utilidade, accesibilidade e acceso os servizos de telecomunicación, audiovisuais e de información.*
 - *Limitación de uso.*
 - *CTE-DB-SE – Seguridade estrutural.*
 - *CTE-DB-SI - Protección contra incendios.*

- CTE-DB-SUA –Seguridade de utilización e accesibilidade.
- CTE-DB-HS – Salubridade.
- CTE-DB-HR – Protección fronte o ruído.
- CTE-DB-HE – Exixencias básicas de aforro de enerxía e a cualificación enerxética provisional da vivenda e tipo, segundo establece no DB-HE o certificado de eficiencia enerxética.
- Cumprimento das normas de habitabilidade segundo decreto 29/2010 do 4 de marzo.
- Lei 8/1997, de 20 de agosto de Supresión de Barreiras Arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia e mailo Decreto 35/2000 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento.
- Información o xustificación Xeotécnica.
- Cálculo da estrutura.
- Instalacións do edificio.
- Plan de Control de calidade.
- O estudo de seguridade e saúde segundo disposto no RD. 1627/1.997 de 24 de outubro e disposicións posteriores.
- RD 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.
- Eficiencia Enerxética, e **calificación enerxética** do inmovible coa calificación **A**.

Aporta documento asinado ante a secretaria coa cesión o concello de 49,11 m², para regularización do viario público, segundo establecen as ordenanzas municipais e o compromiso de súa urbanización que será previa a licenzia de primeira ocupación.

Que o uso pretendido cumpre co uso característico que e o residencial.

Que o proxecto presentado cumpre as condicións das edificacións establecidos para o solo de núcleo en canto a parcela mínima, fronte mínimo, ocupación, edificabilidade, fronte mínimo, superficie de parcela, recuamentos, alturas e pendentes de cuberta, etc.

Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica."

A pedra en sillares de 12 cm, nos muros exteriores da vivenda, as tellas curvas cerámicas na cuberta, carpintería de PVC cor gris, baldosas cerámicas de gres esmaltado no chan, etc., son materiais tradicionais da zona.

Que a xuízo deste técnico a solución arquitectónica proposta harmoniza co entorno e a cuberta proxectada e de tella cerámica.

*Que o orzamento de execución material ascende a cantidade de **CENTO SESENTA E CINCO MIL CATROCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS** (165.499,99 €)*

*De todo elo se desprende que o proxecto presentado **CUMPRE** cos requisitos establecidos no PXOM e demais normativa que lle afecta.*

Este informe ten carácter exclusivamente técnico e independente de calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para a concesión da licenza solicitada.

Consideracións xerais:

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JUAN JOSE PORTELA LORES**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Forxán, nº 54, no Concello de Sanxenxo, para levar a cabo as obras de **“Vivenda unifamiliar illada de sóto, planta baixa e baixo cuberta con piscina e peche de finca”**, sita no lugar de Gándara, s/n, parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Técnico Municipal.

3º.- AUTORIZACIÓN DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.-

Sométese á consideración da Xunta de Goberno os escritos de comunicación previa de Actividade e cambios de titularidade que se relacionan a continuación, concedéndose autorización de actividade e apertura, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

3º.1.- AUTORIZACIÓNS DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.-

3º.1.1.- Autorizacións de funcionamento e apertura de "AUTOSERVICIO DE LAVANDERIA".-

Expdt. AC07/17.- Dase conta da comunicación previa que se presenta a instancia de **D. RAFAEL FALCON SINEIRO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Rosalia de Castro, nº 23, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, pola cal se procede a comprobar a legalización das obras de "**ACONDICIONAMENTO DE UN BAIXO COMERCIAL**" e se comunica o inicio de actividade de "**AUTOSERVICIO DE LAVANDERIA**" na planta baixa de unha vivenda sita no lugar de Rosalia de Castro, nº 23 A, na parroquia de Barrantes, Ref. Catastral. 9455910NH1095N0001JP.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte "*Que se efectua a visita de comprobación da actividade de ATUROSERVICIO DE LAVANDERIA no local solicita sito na Rúa Rosalía de Castro, 23 A – parroquia de Ribadumia, segundo establece o art. 86 das NN.SS. de aplicación do RIAE.*

Que o pasado 18 de abril de 2017 fixen visita de comprobación coa finalidade de verificar que as instalacións correspondían co expediente de comunicación previa e a documentación aportada. Na visita comprobei os seguintes feitos:

- *O emprazamento real do local e as dimensións do mesma coinciden cos planos do proxecto e o da documentación do proxecto de actividade.*
- *Que as instalación axústanse ó proxecto aprobado no seu caso, ás medidas correctoras impostas.*

Durante a visita se procede a firma da correspondente acta de comprobación, que se axunta a este documento.

Consideracións xerais:

- *Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel responde o seu autor para tódolos efectos (art.143.3 da lei 2/2016).*

- *A obriga do titular da licenza de manter en perfecto estado e segundo establece a lexislación vixente, as instalacións de protección contra o lume.*

*A obra executada e conforme coa memoria de actividade aportada no seu día e son conformes ca ordenanza que o PXOM vixente e por tanto emito **INFORME FAVORABLE** para o funcionamento da actividade solicitada".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres, asistentes acorda:

1º.- Conceder licencia a **D. RAFAEL FALCON SINEIRO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Rosalia de Castro, nº 23, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para a legalización das obras executadas de "**ACONDICIONAMENTO DE UN BAIXO COMERCIAL**" con destino a "Autoservicio de lavandería" na planta baixa de unha vivenda sita na rúa de Rosalia de Castro, nº 23 A, na parroquia de Barrantes.

2º.- Darse por enterada do escrito presentado por **D. RAFAEL FALCON SINEIRO**, polo que presenta comunicación previa de actividade de "**AUTOSERVICIO DE LAVANDERIA**", na planta baixa de unha vivenda sita na rúa de Rosalia de Castro, nº 23 A, na parroquia de Barrantes, acordándose autorizar a actividade, de acordo coa visita e a acta de comprobación e inspección técnica emitida.

3º.2.-CAMBIOS DE TITULARIDADE.-

3º.2.1.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE "ADEGA DE ELEBORACIÓN DE VIÑO".

Visto o expediente tramitado a instancia de Dna. Maria Chaverri Muro, con domicilio no lugar de San Antonio, nº 15 – 2º oficinas, no Concello de Vitoria, en representación de **BODEGAS LARCHAGO, S.A.**, no que consta que tíñase concedido licenza para a actividade de "**ADEGA DE ELABORACION DE VIÑO**" a nome de Adegas Castrocelta, S.L. no lugar de Quintáns, na parroquia de Sisán, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 05 de decembro de 2007, e téndose solicitado o cambio de titularidade da mesma a favor de **BODEGAS LARCHAGO, S.A.**

Visto que consta no expediente copia do NIF, copia da licenza de actividade, da escritura de compraventa e cumpridos os preceptivos trámites.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda

concede-lo cambio de titularidade solicitado polo interesado para que a Licencia de Actividade concedida á "Adega Castrocelta, S.L." no lugar de Quintáns, na parroquia de Sisán, para actividade de "**ADEGA DE ELABORACION DE VIÑO**", se conceda a nome de **BODEGAS LARCHAGO, S.A.**, previo pago das Taxas correspondentes.

3º.2.1.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE "BAR".

Visto o expediente tramitado a instancia de **D. ROBERTO COSTA NÚÑEZ**, con domicilio no lugar de Outeiro, nº 11, no Concello de Ribadumia, no que consta que tíñase concedido licenza para a actividade de "**BAR**" a nome de Consuelo González Brun na rúa Espadeiro, edificio Sorolla V, local 5-1ºB, na parroquia de Ribadumia, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 07 de maio de 2015, e téndose solicitado o cambio de titularidade da mesma a favor de **ROBERTO COSTA NÚÑEZ**.

Visto que consta no expediente contrato de alquiler do local comercial e cumpridos os preceptivos trámites.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda concede-lo cambio de titularidade solicitado polo interesado para que a Licencia de Actividade concedida á "Consuelo González Brun" na rúa Espadeiro, edificio Sorolla V, local 5-1ºB, na parroquia de Ribadumia, para actividade de "**BAR**", se conceda a nome de **ROBERTO COSTA NÚÑEZ**, previo pago das Taxas correspondentes.

3º.2.2.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE ALMACÉN AGROPECUARIO.-

Visto o expediente tramitado a instancia de **D. Manuel Pazos Pintos e Dna. Milagros Pintos Falcón**, ambos con domicilio no lugar de Revolta, nº 18, na parroquia de Besomaño, no Concello de Ribadumia, no que consta que tíñase concedido licenza urbanística, con número de expediente 65/2011 concedida por acordo de X.G.L. de 24 de outubro de 2011, para "**Construcción de almacén agropecuario**" a nome de "Milagros Pintos Falcón", no lugar de Agro, s/n, na parroquia de Besomaño, e téndose solicitado o cambio de titularidade da mesma a favor de **Manuel Pazos Pintos**.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda conceder o cambio de titularidade solicitado polo interesado para que a licenza urbanística, con número de expediente 65/2011 concedida por acordo de X.G.L. de 24 de outubro de 2.011, para "**Construcción de almacén agropecuario**" a nome de "Milagros Pintos Falcón" no lugar de Agro, s/n, na parroquia de Besomaño, se conceda a nome de **D. Manuel Pazos Pintos**, e de acordo coa documentación obrante no expediente.

4º.- OUTROS ASUNTOS

4º.1.- Devolución de aval á empresa "ORECO S.A." pola execución da obra de "Ensanche e mellora de enlaces no camino de Mamuela a Ponte Arnelas".

Dase conta da solicitude formulada pola empresa **ORECO S.A.** para que se proceda á devolución do aval depositado para responder da correcta execución da obra, denominada "**Ensanche e mellora de enlaces no camino de Mamuela a Ponte Arnelas**", adxudicada por procedemento negociado sen publicidade mediante Resolución de Alcaldía de data 3 de setembro de 2014, cun importe do aval de 9.796,08 euros da entidade Abanca-NCG Banco S.A., depositado con data 28 de agosto de 2014.

Tendo en conta que transcurriu o período de garantía da obra e non consta informe técnico sobre defectos da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda proceder á devolución do devandito aval, por importe de 9.796,08 euros.

4º.2.- ESCRITO PRESENTADO POR D. Jose Mario Noya Sineiro, para alleamento de parcela resultante do recheo de un noiro.-

Dáse conta do escrito presentado por D. Jose Mario Noya Sineiro, con domicilio, a efectos de notificacións, na rúa do Cruceiro, nº 12, no lugar de

Cabanelas, sito no Concello de Ribadumia, no que expón que é propietario da finca 10223 sita no Polígono Industrial de Cabanelas e que en entre dita finca e a estrada (coa que a escritura di lindar polo norte) existe un noiro dunha superficie de 504,90 m² na fronte da estrada PO-300 na rúa Grenla, parcela que linda coa finca da súa propiedade e solicita se adxudique a mesma ó seu favor e alega que ao fixar o prezo de venda se considere o importe das obras do muro de contención e recheo que deberá executar para o seu aproveitamento como parcela.

Visto o informe emitido polo Técnico asesor municipal, no que consta, entre outros extremos, o seguinte:

1. Documentación achegada

O petionario adxunta escrito solicitando "a adxudicación ao seu favor da parcela resultante do recheo do noiro cunha superficie de 504.90 m² na fronte da estrada PO-300", parcela que linda coa finca da súa propiedade, alegando que ao fixar o prezo de venda considérese o importe das obras do muro de contención que definirá a parcela.

Así mesmo adxunta un plano da finca da súa propiedade, sinalando a parcela aludida, de forma trapezoidal cunhas bases de 31.60 m. e 27.80 m. e una altura media de 17.00 m..

2. Cualificación urbanística

De acordo co P.X.O.M. de Ribadumia, a parcela está incluída na delimitación de Sólido Urbano do Polígono Industrial de Cabanelas e o seu desenvolvemento está regulado pola Ordenanza nº 5, artigos 166 ao 170 da Normativa Urbanística.

3. Características da parcela

Urbanisticamente a parcela é inedificable, por aplicación dos parámetros do P.X.O.M. antes citados, pola topografía e ao considerar os retranqueos mínimos a linderos.

Por outra banda é un terreo que esixe importantes obras de compactado para destinalo ao uso autorizado co recheo dun importante noiro que salva a diferenza de pendente do terreo propiedade do petionario e a estrada PO-300.

O límite da parcela establececese a 6 metros do borde da calzada de rodadura dos vehículos na PO-300 (liña branca continua) e a aliñación da futura edificación a 10 metros da citada liña.

4. Valoración da parcela

Polos condicionantes urbanísticos e características da parcela, estamos non ante unha parcela independente, senón ante un resto de leira, polo que para a súa valoración non se poden tomar prezos medios das últimas transaccións de sólo no Polígono Industrial ou noutros similares. É por iso que parece xusto utilizar o último prezo unitario calculado polo Técnico Municipal Sr. Urdampilleta no expediente instado por Conservas La Brújula para a adxudicación en xaneiro de 2.015 doutra parcela de pequenas dimensións no Polígono I., sen variación algunha no criterio, dado que desde entón o mercado está estabilizado e en moitos casos á baixa.

Para a súa valoración considerou un prezo unitario de 118.75 euros e como cita o informe do Técnico "por tratarse dunha parcela sen acceso deberá depreciarse nun 50%".

Con eses datos temos que o valor da parcela é o seguinte:

Valor parcela = 504.90 m² x 118,75 x 0,50 = 29.978.44 euros

O valor dá parcela alcanza a cifra de VINTENOVE MIL NOVECENTOS SETENTA E OITO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS.

5. Orzamento das obras do muro de contención

Coa finalidade de encher toda a superficie da parcela, ata conseguir unha superficie horizontal e que con iso sexa utilizable, é necesario construír un muro de contención de terras que nalgúns puntos alcanza os 12.90 metros de altura e 12.10 m. nos extremos.

O custo desta construción, para os efectos do alleamento do terreo, deberá deducirse da valoración anterior da parcela.

Temos un muro cunha superficie aproximada de:

31.60 m. X (12.90+12.10)/2= 395.00 m².

Considerando o prezo medio dun muro de grandes cachotes en 58 euros/m², o custo total do muro de contención de terras ascende á cifra total de 22.910.00 euros.

O custo do recheo e compactado de terras nos 504.90 m² e unha altura media de 6.25 m. (3.155.63 m³) ascende a cifra de 9.340.65 euros.

O orzamento das obras de construción do muro e recheo de terras ascende á cifra de 32.250.65 euros.

6. Conclusión final

Como queira que o importe das obras para conseguir a planeidad da parcela é moi superior ao valor do terreo, fíxase, a efectos do seu alleamento, un prezo simbólico dun EURO por metro cadrado, polo que o valor de venda da parcela de 504.90 m² de superficie alcanza a cifra de **CINCOCENTOS CATRO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS**.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe técnico e tendo en conta que xa se ten adoptado acordo ó respecto dalgunha outra parcela do polígono, acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar a segregación de 504,90 m² de terreo resultante do aproveitamento levado a cabo do talúde lindante coa parcela da propiedade de JOSÉ MARIO NOYA SINEIRO NÚMERO no Polígono Industrial de Cabanelas, segregándose da finca matriz denominada "Castro Cabanelas" na parroquia e municipio de Ribadumia, destinada a Polígono Industrial, inscrita no Tomo inscrita no Tomo 1069 do Libro 78, folio 41, finca 10.223, 2ª, para a súa posterior agrupación coa actual parcela propiedade do solicitante;

SEGUNDO.- Autorizar a súa venda a favor de José Mario Noya Sineiro, por un precio total de cincocentos catro euros con noventa céntimos; e

TERCEIRO.- Que dita adxudicación queda condicionada á agrupación simultánea coa finca Ref. Cat. 8579417NH1087N0001FJ, e á execución das obras do muro de contención, ou en caso contrario a mesma quedará sen efecto.

4º.3.- DAR CONTA DE ADXUDICACIÓN OBRAS PLAN CONCELLOS 2016

4º.3.1.- OBRA DENOMINADA "REDE DE SANEAMENTO EN NA PARROQUIA DE RIBADUMIA".-

Dase conta da Resolución da Alcaldía dictada con data 12 de maio, pola que se acorda:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN

PRIMEIRO. Que se lle adxudique á empresa Construcións, Obras e Vías S.A. (COVSA), o contrato de obra da denominada "REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE RIBADUMIA", por procedemento negociado sen publicidade, aprobado por resolución da Alcaldía do día 7 de abril

de 2017, nun importe de cincuenta e un mil cincocentos vinte euros (51.520,00 €), IVE excluído, máis 10.819,20 euros en concepto de IVE, o que representa un importe total de sesenta e dous mil tres centos trinta e nove euros con vinte céntimos (62.339,20 €), debendo de realizar as melloras ofertadas valoradas en 551,14 € (máis IVE)

SEGUNDO. Que se dispoña o gasto con cargo á aplicación 453.629.00 do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Que se lles notifique a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO. Que se lle notifique a D. Jesús Fontán Piñeiro, en representación da mercantil Construcións, Obras e Viais S.A. (COVSA), adxudicatario do contrato, esta resolución e que o citen para a sinatura do contrato, que terá lugar no Concello, o día 18 de maio, ás 10:30 horas.

A Xunta de Goberno dase por enterada da anterior Resolución, ratificando o seu contido.

4º.3.2.- OBRA DENOMINADA "BEIRARRÚAS, ALUMEADO E AMPLIACIÓN DE VIAL EN LEIRO".-

Dase conta da Resolución da Alcaldía dictada con data 28 de abril, pola que se acorda:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Examinada a documentación que consta no expediente que acompaña, visto o informe de Secretaría, á vista das ofertas presentadas, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Levar a cabo as obras relativas a "BEIRARRÚAS, ALUMEADO E AMPLIACIÓN DE VIAL NA PARROQUIA DE LEIRO", mediante o procedemento do contrato menor, co contratista CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNES S,L (CCS), por un importe de CUARENTA E UN MIL CENTO CUARENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (41.146,65 €), máis oito mil seiscientos cuarenta euros con oitenta céntimos (8.640,80 €) en concepto de IVE, o que representa un importe total de CUARENTA E NOVE MIL SETECENTOS OITENTA E SETE EUROS CON CUARENTA E CINCO CÉNTIMOS (49.787,45 €).

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á aplicación correspondente do vixente Orzamento.

TERCEIRO. Unha vez realizada a obra, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

CUARTO. Notificar a resolución aos adxudicatarios no prazo de dez días a partir da data da sinatura da Resolución.

A Xunta de Goberno dase por enterada da anterior Resolución, ratificando o seu contido.

4º.3.3.- OBRA DENOMINADA "BEIRARRÚAS, REDE DE PLUVIAIS, SANEAMENTO EN LOIS, RUA CASAL E BOUZA DE BESOMAÑO".-

Dase conta da Resolución da Alcaldía dictada con data 12 de maio, pola que se acorda:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN

PRIMEIRO. Que se lle adxudique á empresa Construccións, Obras e Vías S.A. (COVSA), o contrato de obra da denominada "BEIRARRÚAS, REDE DE PLUVIAIS, SANEAMENTO EN LOIS, RUA CASAL DE BARRANTES E BOUZA EN BESOMAÑO", por procedemento negociado sen publicidade, aprobado por resolución da Alcaldía do día 7 de abril de 2017, nun importe de cincuenta e oito mil douscentos cincuenta e nove euros con oitenta e sete céntimos (58.259,87 €), IVE excluído, máis 12.234,57 euros en concepto de IVE, o que representa un importe total de setenta mil catrocentos noventa e catro euros con corenta e catro céntimos (70.494,44 €), debendo de realizar as melloras ofertadas valoradas en 637,54 € (máis IVE)

SEGUNDO. Que se dispoña o gasto con cargo á aplicación 453.629.00 do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Que se lles notifique a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO. Que se lle notifique a D. Jesús Fontán Piñeiro, en representación da mercantil Construccións, Obras e Vías S.A. (COVSA), adxudicatario do contrato, esta resolución e que o citen para a sinatura do contrato, que terá lugar no Concello, o día 18 de maio, ás 10:00 horas.

Mándao e asínoa o Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, en Ribadumia, a doce de maio de 2017; do que, como secretaria, dou fe.

A Xunta de Goberno dase por enterada da anterior Resolución, ratificando o seu contido.

4º.3.4.- OBRA DENOMINADA "MUROS DE CONTENCIÓN E PECHE

EN LOIS, RÚA VALLE INCLÁN E BOUZA EN BESOMAÑO”.-

Dase conta da Resolución da Alcaldía dictada con data 28 de abril, pola que se acorda:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Examinada a documentación que consta no expediente que acompaña, visto o informe de Secretaría, á vista das ofertas presentadas, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. *Levar a cabo as obras relativas a "MUROS DE CONTENCIÓN E PECHER NA PARROQUIA DE LOIS, RÚA VALLE INCLÁN DE BARRANTES E BOUZA EN BESOMAÑO", mediante o procedemento do contrato menor, co contratista JOSÉ MANUEL BARREIRO SERANTES, por un importe de QUINCE MIL NOVECIENTOS OITENTA E UN EUROS (15.981,00.-€), máis TRES MIL TRESCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON UN CÉNTIMOS (3.356,01.-€) en concepto de IVE, o que representa un importe total de DEZANOVE MIL TRESCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON UN CÉNTIMO (19.337,01.-euros).*

SEGUNDO. *Aprobar o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á aplicación correspondente do vixente Orzamento.*

TERCEIRO. *Unha vez realizada a obra, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.*

CUARTO. *Notificar a resolución aos adxudicatarios no prazo de dez días a partir da data da sinatura da Resolución.*

Mándao e asínoa o Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, a vinteoito de abril de 2017; do que, como Secretaria, dou fe."

A Xunta de Goberno dase por enterada da anterior Resolución, ratificando o seu contido.

4º.3.5.- OBRA DENOMINADA "REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE LEIRO (Colexio Leiro Lugar COSTA, LEIROMEAN E PIÑEIRON”.-

Dase conta da Resolución da Alcaldía dictada con data 28 de abril, pola que se acorda:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Examinada a documentación que consta no expediente que acompaña, visto o informe de Secretaría, á vista das ofertas presentadas, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. *Levar a cabo as obras relativas a "SANEAMENTO EN PARROQUIA DE LEIRO (Colexio Leiro- lugar de Costa; Leiromeán; e Piñeirón)", mediante o procedemento do contrato menor, co contratista CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNES S,L (CCS), por un importe de VINTE E CINCO MIL CATROCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (25.433,22.-€), máis CINCO MIL TRESCENTOS CORENTA EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (5.340,98.-€) en concepto de IVE, o que representa un importe total de TRINTA MIL SETECENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (30.774,20.-euros).*

SEGUNDO. *Aprobar o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á aplicación correspondente do vixente Orzamento.*

TERCEIRO. *Unha vez realizada a obra, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.*

A Xunta de Goberno dase por enterada da anterior Resolución, ratificando o seu contido.

4º.3.6.- OBRA DENOMINADA "ALUMEADO PÚBLICO EN RAMIRON E PUXAFEITA".-

Dase conta da Resolución da Alcaldía dictada con data 28 de abril, pola que se acorda:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Examinada a documentación que consta no expediente que acompaña, visto o informe de Secretaría, á vista das ofertas presentadas, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. *Levar a cabo as obras relativas a "REDE DE ALUMEADO EN RAMIRÓN (LOIS) E PUXAFEITA (RIBADUMIA)", mediante o procedemento do contrato menor, co contratista MONTAJES ELECTRICOS SALNES S.L. (MELDOSA), por un importe de DOCE MIL DOUSCENTOS EUROS (12.200,00.-€), máis DOUS MIL CINCOCENTOS SESENTA*

E DOUS EUROS (2.562,00.-€) en concepto de IVE, o que representa un importe total de CATORCE MIL SETECENTOS SESENTA E DOUS EUROS **(14.762,00.-euros)**.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á aplicación correspondente do vixente Orzamento.

TERCEIRO. Unha vez realizada a obra, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

A Xunta de Goberno dase por enterada da anterior Resolución, ratificando o seu contido.

5º.- APROBACIÓN PRESUPOSTO DE MANTEMENTO PARA PROTECCIÓN DA CONEXIÓN A INTERNET NA CASA DE CULTURA.-

Dase conta do presuposto presentado por D.G.I S.L e con obxecto de renovar e manter a protección do acceso a Internet na Casa de Cultura dado que o acceso é público e a él, acceden gran parte de usuarios menores nas distintas parroquias do Concello, considérase que o máis vantaxoso, é renovar o mantemento do "Fortigate-60D (FILTRADO CONTIDOS WEB)"

A tal efecto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación ó orzamento de mantemento presentado D.G.I S.L , para a instalación do dispositivo de seguridade, por un importe de 502.60 euros máis IVE.

2º.- Prestar aprobación ó devandito gasto con cargo á partida orzamentaria correspondente.

6º.- FACTURACIÓN SERVICIO ALCANTARILLADO DO ANO 2016.-

1.- Dase conta do resumo de facturación presentado pola empresa Espina & Delfin, S.L. polo servizo de alcantarillado correspondente ó ano 2016, e que ascende a un importe total de 116.545,97 €, máis 11.655,43 € en concepto de IVE(un total de 128.201,40 €), co seguinte desglose:

-Primeiro semestre 2016:

Facturación	58.243,56 €
IVE	5.824,77 €

Total facturación	64.068,33 €
Coeficiente vertedura	15.533,90 €
Total facturación con coefic. Vertedura	79.602, 23 €

-Segundo semestre 2016:

Facturación	58.302,41 €
IVE	5.830,66 €
Total facturación	64.133,07 €
Coeficiente vertedura	15.066,24 €
Total facturación con coefic. Vertedura	79.199,313 €

A Xunta de Goberno Local acorda prestarlle aprobación á devandita conta de facturación.

7º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS LOCAIS DIRIXIDAS Á XUVENTUDE DURANTE O ANO 2017.-

Dase conta da orde do 11 de abril de 2017, da Consellería de Política social pola que se regulan as subvencións aos Concellos para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017, para a execución do proxecto denominado "**Empregabilidade e novas tecnoloxías**".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar memoria valorada do proxecto "Empregabilidade e novas tecnoloxías", redactadas polo Técnico de Cultura e Xuventude.

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Política Social una subvención para o proxecto "Empregabilidade e novas tecnoloxías", por un importe de **6.000€**, correspondente ao 100% do orzamento presentado, e cal como se recolle no artigo 6 das bases.

TERCEIRO.- Comprométese a financiar con fondos propios a diferenza do financiamento para a execución dos proxectos descritos.

8º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA CONTRATACIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE UN/UNHA

ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL E DE DOUS/DUAS MONITORES/AS DE OCIO E TEMPO LIBRE.-

Dase conta das Bases elaboradas, para a contratación con carácter laboral temporal dun animador/a sociocultural e de dous/duas monitores/as de ocio e tempo libre. Con este procedemento preténdese cubrir prazas para o desenvolvemento da escola de verán do Concello de Ribadumia.

Dase conta da convocatoria das devanditas bases nas que se expón que o modo de contratación será o sistema de concurso de méritos e entrevista personal, así como de que o inicio do contrato será o 26 de xuño de 2017 ata o 08 de setembro de 2017, en xornada parcial (30 horas semanais), horario de mañá.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

Primeiro: Prestarlle aprobación ás Bases para contratación con carácter laboral temporal dun/dunha animador/a sociocultural e de dous/duas monitores/as de ocio e tempo libre, co seguinte contido:

*"De conformidade coa Resolución de xunta de goberno de data 18 de maio de 2017, mediante a que se aproban as **Bases reguladoras e a Convocatoria que rixe a selección de UN/UNHA ANIMADOR/A SOCIOCULTURALS e DOUS/DUAS MONITORES/AS DE OCIO E TEMPO LIBRE** como personal laboral temporal, para o desenvolvemento da escola de verán do Concello de Ribadumia; procédese a expor ao público, as referidas Bases e Convocatoria que a continuación se transcriben, para o seu coñecemento e efectos públicos:*

"BASES PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE UN/UNHA ANIMADOR/A SOCIOCULTURALS E DOUS/DUAS MONITORES/AS DE OCIO E TEMPO LIBRE "

1.- OBXETO: O obxecto destas bases é a contratación mediante sistema de concurso de méritos e entrevista personal de un/unha **animador/a socioculturais e dous/duas monitores/as de ocio e tempo libre** dende o 26 de xuño de 2017 ata o 08 de setembro de 2017, en xornada parcial (30 horas semanais), horario mañan. Contrato de duración determinada por obra ou servizo.

2.- REQUISITOS MÍNIMOS PARA TOMAR PARTE NA CONVOCATORIA

a) Ser maior de 16 anos, español ou nacionalidade de algún Estado membro da Unión Europea; calquera que sexa a súa nacionalidade, os que sean cónxuges de españois ou

nacionais de otros estados membros de la Unión Europea, sempre que los mismos no estén separados de derecho. Asimismo, coas mesmas condicións, podrán participar os descendentes menores de veintiún anos ou maiores de dita idade dependentes. As personas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionales celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sea de aplicación a libre circulación dos traballadores.

Os extranxeiros que non estando incluídos nos párrafos anteriores se encontren con residencia legal en España, para o caso de acceso á función pública como personal laboral.

b) Non estar incurso en causas de incompatibilidades o incapacidades para contratar con esta Administración Local.

c) No padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal desenvolvemento das súas funcións

d) No ter sido separado mediante expediente disciplinario do servicio da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, ni estar inhabilitado para o exercicio público.

e) Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria ou outra titulación equivalente.

f) Poseer a titulación de monitor de ocio e tempo libre e/ou de animación sociocultural.

No caso de titulacións obtidas no extranxeiro, deberá estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

O requisito do apartado d) creditarase mediante presentación do documento orixinal ou copia debidamente compulsada que o acredite.

Os requisitos do apartado a) e e), f) acreditaranse mediante presentación do documento de identidade correspondente e copia compulsada do título académico. Os requisitos dos apartados a), b) e c) acreditaranse mediante presentación da declaración xurada.

3.- ADMISIÓN DE CANDIDATOS

As instancias solicitando tomar parte no procedemento presentaranse no Rexistro Xeral directamente ou a través dos medios regulados no artigo 38 c) da Ley 30/92,26 de Noviembre no prazo de 10 días naturais contados desde la publicación de las Bases de convocatoria nun periódico de máxima difusión da comarca.

Expirado o prazo de presentación da documentación e méritos, no prazo de 2 días naturais, por Resolución de Alcaldía aprobarase e expondrase no Taboleiro de anuncios municipal , as listas provisionais de admitidos e excluídos, con indicación expresa da causa de exclusión, que servirá de notificación aos interesados a todos os efectos.

Os candidatos non admitidos dispondrán dun prazo de 2 días hábiles dende a súa publicación no tablón de anuncios para subsanar o defecto causante da non admisión. Si así non o fixera, quedará excluído con carácter definitivo. Transcurrido o prazo de subsanación, dictarase resolución aprobando definitivamente a lista provisional de admitidos e excluídos que servirá de notificación aos interesados e agotará a vía administrativa.

4.- TRIBUNAL.- *O tribunal que valorará os méritos alegados polos/as aspirantes estará constituído por cinco membros con voz e voto, un/a Presidente/a, un/a Secretario/a e tres vocales, designados atendendo aos principios de imparcialidade e profesionalidade. Os membros do tribunal estarán suxeitos aos supostos de abstencións e recusacións previstos legalmente. Para que o tribunal poida actuar será preciso a asistencia de alo menos mais de tres dos seus membros. As súas decisións podrán adoptarse por maioría dos presentes. Podrán incorporarse para asesorar ao Tribunal doutros especialistas na materia. O tribunal, unha vez sean recibidos todos os curriculum e/ou documentación acreditativa deberá reunirse, nunha primeira fase, para proceder á valoración de todos os méritos alegados polos aspirantes, puntuando os mesmos de acordo co baremo recollido no apartado sétimo destas bases. Nunha segunda fase, os aspirantes serán entrevistados individualmente , dacordo cun cuestionario de preguntas previamente aprobado elaborado por técnico competente do servizo. Unha vez realizadas as dúas fases, o tribunal sumará as puntuacións obtidas en cada unha por cada candidato para obter a puntuación final e propor, ao órgano competente, a contratación.*

5.- DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN

Primeira Fase de Concurso.- *Nesta fase de concurso, o Tribunal valorará os méritos que ls/as aspirantes aleguen dacordo co seguinte baremo, sendo a puntuación máxima a obter en nesta fase de 10 puntos:*

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Experiencia profesional na administración pública en igual categoría a que se opta 0,25 puntos/mes completo

Experiencia profesional no ámbito privado en igual categoría a que se opta.....0,20 puntos/mes completo

Puntuación máxima neste bloque: 2 puntos

CURSOS DE FORMACIÓN e PERFECCIONAMIENTO

(Neste caso a acreditación de varios cursos de idéntica especialidade ou actualizacións de cursos anteriores, sólo se baremará o curso con maior número de horas. Aqueles diplomas ou certificados de cursos que non señalen número de horas baremaranse coa puntuación fixada para o tramo hasta 10 horas en cada caso).

Cursos de formación e perfeccionamiento relacionados coa categoría á que se opta:

- Hasta 10 horas: 0,15 puntos/curso.
- De 11 a 39 horas: 0,25 puntos/curso.
- Mais de 39 horas: 0,40 punto/curso.

Cursos de formación e perfeccionamiento relacionados coa ofimática(nivel usuario)

- Hasta 10 horas: 0,12 puntos/curso.
- De 11 a 39 horas: 0,20 puntos/curso.
- Mais de 39 horas: 0,30 puntos/curso

Outros cursos, diplomas y/o carné profesionais

- Hasta 10 horas: 0,06 puntos/curso.
- De 11 a 39 horas: 0,12 puntos/curso.
- Mais de 39 horas: 0,25 puntos/curso.

Curso manipulador de alimentos: 0,20 puntos/curso

Curso primeiros auxilios: 0,20 puntos/curso

Curso socorrismo: 0,40 puntos/curso

Puntuación máxima neste bloque: 2 puntos

LINGUA EXTRANXEIRA

- Nivel B1 de inglés: 0,20 puntos
- Nivel B2 de inglés: 0,30 puntos
- Nivel C1 de inglés: 0,40 puntos
- Nivel C2 de inglés: 0,50 punto
- Nivel B1 de francés: 0,20 puntos
- Nivel B2 de francés: 0,30 puntos
- Nivel C1 de francés: 0,40 puntos
- Nivel C2 de francés: 0,50 puntos

Outros cursos idiomas: 0,15 puntos/curso

Puntuación máxima neste bloque: 2 puntos

TITULACIONES

Titulacións universitarias e/ou regladas, distintas á necesaria para concurrir ao posto:

- Grado ciencias da educación ou titulación equivalente: 1,40 puntos.
- Master/curso relacionado coidados, atención nenos necesidades especiais 1,20 puntos.
- Título de Licenciado/a ou titulación equivalente, grado: 0,50 puntos.
- Título de Técnico Superior/ FP II/ Ciclo Superior ou equivalente: 0,40 puntos.
- Bacharelato: 0,30 puntos.
- Técnico de Grado Medio ou equivalente/FP I: 0,20 puntos.

Puntuación máxima neste bloque: 2 puntos

Para a valoración dos méritos por parte do tribunal tendranse en conta os méritos aportados e acreditados polos aspirantes en documento orixinal ou debidamente cotexado ou certificación ao respecto. Así:

- Para acreditar a experiencia profesional deberase aportar informe de vida laboral ou certificado de servicios prestados e/ou copia cotexada de contratos de traballo.*
- Para acreditar os cursos de formación beberá aportar copia cotexada de certificados de asistencia o diplomas.*
 - Para acreditar las titulaciones regladas se deberase aportar copia cotexada do título ou do abono das taxas para a súa expedición.*

No se puntuarán os méritos non xustificadas por estos medios.

Segunda Fase do proceso.- *Unha vez concluída a primeira fase de concurso, e acto seguido, o tribunal procederá ao desenvolvemento da segunda fase do proceso selectivo, que consistirá na realización de entrevistas individuais a cada un dos candidatos, cuestionándoos sobre diversos aspectos técnicos das funcións a realizar e o posto a ocupar; dacordo cunha relación de preguntas previamente aprobada, asistido no seu caso, de técnico experto do servizo correspondente.*

Esta fase desenvolverase íntegramente en presenza do tribunal, sendo os candidatos chamados a dita entrevista por orden alfabético.

A puntuación máxima a obter nesta fase de entrevista personal será de 4 puntos.

6.-RELACIÓN DE APROBADOS/AS: *Terminado o concurso o tribunal fará pública a puntuación total obtida polos/as aspirantes seleccionados/as. O Tribunal formulará proposta de contratación a favor dos aspirantes que alcancen a maior puntuación por un número igual a dos postos convocados. O Tribunal formulará relación complementaria*

de reservas dos aspirantes que sigan aos propostos inicialmente, para o caso en que se produza renuncias dos seleccionados.

En caso de empate de puntuación entre dous ou mais aspirantes, propondrase en primeiro lugar ao que tivera menor puntuación no apartado de titulación según o cadro de baremo; si persiste o empate, propondrase en primeiro lugar ao que obtivera maior puntuación no apartado de cursos según o cadro de baremo e si persiste o empate propondrase en primeiro lugar ao que obtivera maior puntuación no apartado de experiencia profesional según o cadro de baremo.

7.-RESOLUCIÓN DO PROCESO: *Unha vez formulada a proposta do tribunal, polo órgano competente dictarse resolución de contratación nombramento de aspirante proposto que se notificará ao interesado/a, establecéndose prazo para a firma do contrato e comenzo da prestación dos servizos.*

8.- CONDICIÓN DO CONTRATO: *Os contratos celebraranse e concederán con suxección ás normas sobre incompatibilidades existentes para o personal ao servizo das Administracións Públicas.*

A contratación non implica por parte do Concello de Ribadumia ningún compromiso en canto a posterior incorporación do interesado á plantilla do mesmo. Os contratos implicarán a alta no Réxime General de la Seguridad Social.

A formalización do contrato condicionase á existencia da correspondente dispoñibilidade orzamentaria. Queda excluída expresamente a realización por parte do traballador de outra prestación de servizos que non esté vinculada directamente ao obxecto deste contrato. No suposto de que a realizase sería por iniciativa propia do traballador e por considerar que nas mesmas son útiles e necesarias para a súa prestación de servizos, sin que como consecuencia delas poida quedar modificada a natureza do contrato por obra ou servizo determinado, que ten a relación contractual existente entre as partes.

9.- REXIME XURÍDICO APLICABLE AO CONTRATO: *O contrato formalizado e a relación xurídica orixinaria rexirase polo Estatuto dos Traballadores, e pola lexislación laboral que resulte de aplicación.*

10.- RECURSOS E RECLAMACIÓN: *A presente convocatoria, as súas bases e demais actos administrativos que se deriven delas, podrán ser impugnados polos interesados nos casos e formas establecidos na Ley 30/1992, de 26 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, modificada pola Ley 4/1999. O Tribunal queda autorizado a resolver as dúbidas que poidesen presentarse ou a toma dos acordos necesarios referidos ao proceso de*

concurso.

11.- PUBLICIDADE: *Os actos administrativos e demais anuncios preceptivos, que o precisen e se deriven deste procedemento, publicaranse no tablón de anuncios”.*

9º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA ÁS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.

Dase conta da orde do 6 de abril de 2017, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das bases para a concesión de subvencións a entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, unha subvención para o proxecto **“Promoción do uso da lingua galega para o 2017 do Concello de Ribadumia”**, por un importe de 9.500€ (sen I.V.E.) correspondente ao 100% do orzamento presentado.

SEGUNDO.- Comprométese a financiar con fondos propios a diferenza do financiamento para a execución dos proxectos descritos.

10º.- XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN B.A.T.A.

Tendo en conta que o Concello de Ribadumia asinou no mes de marzo de 2016 coa Asociación B.A.T.A. un convenio para o desenvolvemento de programas de fomento do emprego de persoas con autismo e/ou discapacidade intelectual durante o ano 2016 e integración das persoas con discapacidade, dáse conta da documentación presentada, xustificativa das actividades e gastos xustificativos do convenio asinado.-

Vista a conta xustificativa presentada pola devandita Asociación.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada da xustificación presentada, e por unanimidade dos Sres. asistentes acorda prestarlle a súa aprobación e ordear que se proceda ó pago do importe de 6.726, 69 euros, segundo o convenio asinado.-

11º.- AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA CONCURSO DE DISEÑO GRÁFICO DE CAMISETAS.-

Dase conta que mediante Xunta de Goberno de 07 de abril de 2017 se aprobaron as bases redactadas para a celebración do Concursos de Deseño Gráfico de camisetas a celebrar durante a **"XLV EDICIÓN DA FESTA DO VIÑO TINTO"** que ten coma obxectivo premiar ás máis orixinais cuxo deseño fagan referencia á exaltación do Viño Tinto e na que poderán participar as "Peñas" participantes na Festa do Viño Tinto.

O prazo para participar no concurso quedaba establecido no día 20 de maio de 2017, antes das 14:00 horas.

Visto que solicitaron varias asociacións a ampliación do prazo establecido nas bases.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda aprobar unha ampliación de prazo fixando como data límite de presentación de camiseta o día 31 de maio de 2017.

12º.- ESCRITO PRESENTADO POLO "BANCO DE ALIMENTOS RÍAS BAIXAS", XUSTIFICATIVO DA AXUDA CONCEDIDA PARA 2016.-

Dase conta do escrito remitido polo representante do "Banco de Alimentos Rías Baixas" no que indican que veñen realizando actividades a favor das familias necesitadas da Comarca do Salnés, Pontevedra e norte da provincia, e ó mesmo tempo e dado a que as súas carencias económicas son moi grandes e dependen das axudas e donacións que se lle concedan agradecen a colaboración do concello.

Na memoria presentada dase conta dos kgs de alimentos repartidos por concellos e a outros bancos de alimentos, e os que corresponden ó Concello de Ribadumia.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada da xustificación presentada, prestándolle aprobación á mesma, acordándose se proceda ó pago da axuda concedida para tal fin, por importe de 1.000 euros.

13º.-CERTIFICACIÓN DA OBRA DE "DOTACIÓN DE SERVIZOS EN EDIFICIO ANEXO O PAVILLÓN DE RIBADUMIA".-

Vista a certificación de obra nº 4 e final da denominada "Dotación de servizos en edificio anexo o pavillón de Ribadumia" que presenta a empresa COVSA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., por importe de cincuenta e tres mil catrocentos noventa e cinco euros con dous céntimos (53.495,02 €)

Tendo en conta que para a realización da devandita obra concedeuse subvención pola Deputación Provincial, con cargo ó Plan de Obras e Servizos Provincial de 2015 (PPOS/15)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, ACORDA:

1º.- Prestar aprobación á certificación nº 4 e final da obra denominada "Dotación de servizos en edificio anexo o pavillón de Ribadumia", que presenta a empresa COVSA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., segundo a Resolución de adjudicación por procedemento negociado dictada con data 30 de novembro de 2016, en base ó acordo adoptado polo Pleno con data 23/11/16.

2º.- Prestar aprobación á factura seguinte:

Nº e data	Empresa	Concepto	Importe
2170356 de 12/04/17	<i>COVSA Construcción, Obras e Viais, S.A.</i>	<i>Dotación de servizos en edificio anexo o pavillón de Ribadumia</i>	<i>53.495,02 €</i>

3º.- Prestar aprobación á acta de recepción da devandita obra asinada con data 12 de abril de 2017.

14º.- ESCRITO FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO.-

Dase conta da organización do "Campeonato de ríos e travesías- XXIII Baixada do Umia", para a que o Club Náutico O Muíño asinou un convenio coa Federación Galega de Piragüismo e do escrito remitido pola Federación no que

comunica que o importe correspondente á fianza desa proba ascende a un importe de 750 € (que emitiu errónamente a nome deste Concello), e que a factura emitirás polo Club ó ser dita entidade a que asinou o convenio.

A Xunta de Goberno dase por enterada do contido de dito escrito e acorda abonar ó Club Náutico o importe de 750 € correspondente á devandita fianza, previa presentación da factura correspondente.

PAGOS E FACTURAS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda prestarlle aprobación ós seguintes pagos e facturas:

<i>OFTEFOR: LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO VARIOS</i>	<i>2.057,00 €</i>
<i>MELDOSA:REPARAC. E INSTAL. LAMPARAS- C.F.BARRANTES</i>	<i>1.741,43 €</i>
<i>MELDOSA: MANTEM. ALUMEADO PUBLICO -01/03 -31/03</i>	<i>2.702,32 €</i>
<i>THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L. : Reparación ascensor Casa de Cultura</i>	<i>2.398,22 €</i>
<i>OFICINA TECNICA AGRICOLA, CERES; LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO - VIAL EN CRUZ LOIS</i>	<i>907,50 €</i>
<i>A.CAPELO: ASESORAM. XESTION ENERXETICA - MARZO</i>	<i>530,00 €</i>
<i>A.MIGUEZ: MOBILIARIO OFICINA CONCELLEIRAS</i>	<i>726,97 €</i>
<i>RUTA VIÑO RIAS BAIXAS: CONVENIO COLAB.- CUOTA 2017</i>	<i>600,00 €</i>
<i>E.CERAMIC:TAZAS E XERRAS VIÑO DECORADAS- F.V.TINTO</i>	<i>4.978,70 €</i>
<i>A.C.PINTOS: SUMINISTROS VARIOS</i>	<i>991,06 €</i>
<i>ESPINA Y DELFIN, S.L.: PRIMER TRIMESTRE DEL 2017 POR LOS COSTES DE CONSERVACIÓN Y MANTENIMIENTO DE LA E.T.A.R Y E.D.A.R DE LOIS.</i>	<i>1.847,02 €</i>
<i>SPL:GASOLEO VEHICULOS - CAMION LIXO</i>	<i>1.358,28 €</i>
<i>SPL:GASOLEO VEHICULOS - TRACTOR, VIAS E CAMIÑOS</i>	<i>823,20 €</i>
<i>ALUMIA : PORTA BAÑOS PUBLICOS -C. FUTBOL BARRANTES</i>	<i>854,47 €</i>
<i>BARBATANA: CLASES DE PILATES - ABRIL</i>	<i>1.028,50 €</i>
<i>J.REDONDO: XYLAZEL E POSTES PINO - PASEO MUIÑOS</i>	<i>1.324,95 €</i>
<i>ACHEGA: SAF DEPENDENCIA</i>	<i>11.217,63 €</i>
<i>ACHEGA: SAF LIBRE CONCORRENCIA LABORAIS</i>	<i>1.742,40 €</i>

<i>AGRONUMA: REPARACION DESBROZADORAS XARDINS,ETC.</i>	<i>604,27 €</i>
<i>AGRONUMA: REPARAC. TRACTOR SAME E TRACTOR DESBROZ.</i>	<i>1.835,55 €</i>
<i>SOGAMA: Tratamento RU Mes Abril 2017</i>	<i>10.484,98 €</i>
<i>SOGAMA: SENAL VADO PERM.ALUM.45X30CM P</i>	<i>1.210,00 €</i>
<i>MELDOSA: MANTEM. ALUMEADO PUBLICO - 01//04 A 30/04</i>	<i>1.291,55 €</i>
<i>MELDOSA: SUMIN. E COLOCAC. LUMINARIAS- CEMENTERIOS</i>	<i>1.044,97 €</i>
<i>MELDOSA:TRABALLOS ELECTRICOS - PAVILLON RIBADUMIA</i>	<i>2.403,35 €</i>

E non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as cator ce horas e cincuenta e cinco minutos, de todo o cual eu, como Secretaria, dou fe.-